

Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

METODOLOXÍA

1. Introducción

Trátase dunha operación de explotación de datos procedentes do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME).

O obxectivo desta actividade estatística é medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia, ofrecendo información das sociedades creadas, rexistradas durante o mes de referencia, así como das sociedades que amplían e reducen capital, desembolsan dividendos pasivos, suspensións de pagos e quebras, sociedades disoltas e extinguidas, transformacións de sociedades, escisións e fusións.

Atendemos, para facer os cálculos, á data de publicación de cada incidencia no BORME.

2. Normativa e organización

O BORME regúlase polo Código de Comercio de España no que podemos destacar os seguintes puntos:

Artigo 16.1. O Rexistro Mercantil ten por obxecto a inscrición de:

- Os empresarios individuais.
- As sociedades mercantís.
- As entidades de crédito e de seguros, así como as sociedades de garantía recíproca.
- As institucións de inversión colectiva e os fondos de pensións.
- Calquera persoa, natural ou xurídica, cando así o dispoña a Lei.
- As agrupacións de interese económico.
- As sociedades civís profesionais, constituídas cos requisitos establecidos na lexislación específica de sociedades profesionais.
- Os actos e contratos que estableza a Lei.

Artigo 18.

1. A inscrición no Rexistro Mercantil practicarase en virtude de documento público. Só poderá practicarse en virtude de documento privado nos casos expresamente previstos nas Leis e no Regulamento do Rexistro Mercantil.
2. Os rexistradores cualificarán baixo a súa responsabilidade a legalidade das formas extrínsecas dos documentos de toda clase en cuxa virtude se solicita a inscrición, así como a capacidade e lexitimación dos que os outorguen ou subscriban e a validez do seu contido polo que resulta deles e dos asentos do Rexistro.
3. Practicados os asentos no Rexistro Mercantil, comunicaranse os seus datos esenciais ao Rexistro Central, en cuxo boletín serán obxecto de publicación. Desta publicación tomarase razón no rexistro correspondente.

Artigo 20.

1. O contido do Rexistro presúmese exacto e válido. Os asentos do Rexistro están baixo a salvagarda dos Tribunais e producirán os seus efectos mentres non se inscriba a declaración xudicial da súa inexactitude ou nulidade.

Artigo 22.

2. Na folla aberta ás sociedades mercantís e demais entidades a que se refire o artigo 16 inscribíranse o acto constitutivo e as súas modificacións: a rescisión, disolución, reactivación, transformación, fusión ou escisión da entidade, a creación de sucursais, o nomeamento e cese de administradores, liquidadores e auditores, os poderes xerais, a emisión de obrigacións ou outros valores negociables agrupados en emisións cando a entidade inscrita puidera emitilos de conformidade coa lei, e cales queira outras circunstancias que determinen as leis ou o Regulamento.
3. As sucursais abrirán, ademais, folla propia no Rexistro da provincia na que estean establecidas, na forma e co contido e os efectos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 23.

1. O Rexistro Mercantil é público. A publicidade farase efectiva por certificación do contido dos asentos expedidos polos rexistradores ou por simple nota informativa ou copia dos asentos e dos documentos depositados no Rexistro. A certificación será o único medio de acreditar fidedignamente o contido dos asentos do Rexistro.
4. A publicidade telemática do contido dos Rexistros Mercantís e de Bens Mobles realizarase de acordo cos principios contidos nos artigos 221, 222, 227 y 248 de texto refundido da Lei Hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, en relación cos Rexistros da Propiedade.

Artigo 24.

1. Os empresarios individuais, sociedades e entidades suxeitos á inscrición obrigatoria farán constar en toda a súa documentación, correspondencia, notas de pedido e facturas, o domicilio e os datos identificadores da súa inscrición no Rexistro Mercantil. As sociedades mercantís e demais entidades farán constar, ademais, a súa forma xurídica e, no seu caso, a situación de liquidación na que se atopen. Se mencionan o capital, deberá facerse referencia ao capital suscrito e ao desembolsado.

No Boletín Oficial do Rexistro Mercantil inscribíense todas as empresas e as modificacións pertinentes destas (como cambio de administradores, sede social, capital social, etc.).

3. Unidades estatísticas

As unidades de análise son as sociedades mercantís que presentan os datos no Rexistro Mercantil de cada provincia. É dicir, as rexistradas no mes de referencia.

4. Variables

As variables analizadas no informe mensual serán as seguintes:

- Sociedades mercantís constituídas
- Sociedades mercantís que amplían capital
- Sociedades mercantís que reducen capital
- Sociedades mercantís que desembolsan dividendos pasivos
- Sociedades mercantís disoltas
- Sociedades mercantís extinguidas
- Concurso de acredores
- Sociedades mercantís que realizan transformación de sociedade
- Sociedades mercantís que realizan escisión
- Sociedades mercantís fusionadas

5. Definicións

Os conceptos utilizados para estudar as variables do apartado anterior son os seguintes:

Sociedade mercantil

O contrato de compañía, polo que dúas ou máis persoas se obrigan a poñer en fondo común bens, industria ou algunha destas cousas, para obter lucro, será mercantil, calquera que fose a súa clase, sempre que se constituíra de acordo coas disposicións do Código de Comercio. Unha vez constituída a compañía mercantil, terá personalidade xurídica en todos os seus actos e contratos.

Xeralmente, as sociedades mercantís constitúense adoptando unha das formas seguintes:

- Sociedade regular colectiva
- Sociedade comanditaria, simple ou por accións
- Comunidade de bens
- Sociedade cooperativa
- Sociedade civil
- Sociedade anónima
- Sociedade de responsabilidade limitada

Nesta operación facemos distinción entre as dúas últimas, mentres que as demais inclúense como "Resto de sociedades".

Sociedade regular colectiva

É un tipo de sociedade na que o capital non é de grande interese a terceiros, xa que os seus socios responden dunha forma ilimitada co seu patrimonio fronte ás débedas sociais, polo que no momento da súa creación os socios poden aportar capital ou non facelo, non podendo deixar de aportar o seu esforzo persoal.

Sociedade comanditaria

É unha sociedade formada por dúas clases de socios: colectivos e comanditarios.

Os socios comanditarios responden limitadamente nas débedas sociais só co importe que puxeron na sociedade.

Os socios colectivos responden persoal e ilimitadamente co seu propio patrimonio fronte ás débedas sociais.

Comunidade de bens

É unha asociación de persoas naturais que son titulares dun dereito ou dun ben común que lles serve de obxecto para realizar un traballo. O número mínimo de persoas é de dúas, que serán copropietarios, debendo aportar cada unha o seu traballo e capital de forma mancomunada.

Sociedade cooperativa

É unha asociación de persoas naturais e/ou xurídicas que se propoñen mellorar a situación económica e social dos seus compoñentes e a do entorno social no que se moven. Os intereses colectivos están por enriba dos particulares.

Sociedade civil

É o contrato polo que dúas ou máis persoas se agrupan, obrigándose a aportar bens, cartos, traballo nunha actividade económica lucrativa para repartir entre si as ganancias.

Sociedade anónima

Sociedade na que o capital está dividido e integrado polas achegas dos socios, os cales non responden persoalmente das débedas sociais.

Sociedade de responsabilidade limitada

Sociedade na que o capital está dividido en participacións sociais que se integrarán polas achegas de todos os socios, os cales non responderán persoalmente das débedas sociais.

Sociedades constituídas

Considéranse sociedades constituídas ás inscritas nos rexistros mercantís, no mes de referencia, independentemente da data en que comezaron a realizar operacións comerciais.

Ampliación de capital

A ampliación de capital é unha operación societaria que consiste no aumento dos fondos propios da sociedade.

Redución de capital

A redución de capital é unha operación societaria que consiste na diminución dos fondos propios da sociedade. Existen dúas causas principais polas que se realizan este tipo de operacións: que o capital da empresa exceda das necesidades da mesma, ou que a empresa se atope nunha situación de debilidade económico-financeira e necesite axustar os seus niveis de fondos propios e ratios financeiros.

Transformación de sociedade

A transformación consiste no cambio dun tipo social a outro dos recoñecidos pola Lei sen que se produza unha alteración na personalidade xurídica da sociedade transformada, que continúa subsistindo baixo a nova forma social adoptada. Polo tanto, para que exista transformación é necesario que o cambio producido afecte ao tipo social, é dicir, á forma da sociedade, sen que isto supoña a súa disolución e a constitución doutra sociedade de distinta forma.

Fusión

A fusión de sociedades é un procedemento en virtude do cal dúas ou máis sociedades, previa extinción sen liquidación dalgunhas ou de todas elas, confunden os seus patrimonios e agrupan aos seus respectivos socios nunha soa sociedade.

Escisión

A escisión de sociedades é unha operación cuxa finalidade é, polo xeral, a contraria á pretendida coa fusión; de xeito que, mentres que a fusión persegue a concentración de empresas, a escisión tende, normalmente, a súa disgregación.

Disolución

A disolución defínese coma o momento inicial do período extintivo da sociedade; produce como efecto inmediato que a sociedade entre en período de liquidación como paso previo e necesario para proceder a súa extinción, que ten lugar coa cancelación dos seus asentos no Rexistro Mercantil.

Liquidación

Unha vez disolta a sociedade, abrírase o período de liquidación, agás nos supostos de fusión ou escisión total ou calquera outro de cesión global do activo e do pasivo, conservando a sociedade durante ese tempo a súa personalidade xurídica e engadindo ao seu nome a frase "en liquidación".

Extinción

Operación mediante a cal se procede á cancelación dos asentos da sociedade, e a depositar no Rexistro Mercantil os libros de comercio e documentos relativos ao seu tráfico, quedando extinguida a personalidade xurídica da sociedade dende o mesmo momento da cancelación.

Concurso de acredores

A entrada en vigor da Lei Concursal o 1 de setembro de 2004, supuxo un cambio no tratamento da insolvencia. Desaparece a suspensión de pagos e a quebra e a dita Lei instaura o concurso de acredores como vía para resolver as situacións de falta de liquidez.

Capital suscrito

Capital social que figura na escritura de constitución da sociedade mercantil.

Capital desembolsado

É o importe do capital suscrito efectivamente desembolsado.

6. Procesamento de datos

O Instituto Galego de Estatística elaborou unha aplicación informática na que diariamente se van gravando os datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) de cada unha das incidencias das variables nas catro provincias galegas.

Grávase diariamente e unha vez rematado o proceso de gravación, elaboraranse unhas táboas nas que se presentan os datos cunha desagregación a nivel provincial.

7. Presentación de resultados

Presentaranse mensualmente catorce táboas:

1. Sociedades mercantís constituídas segundo provincia e forma xurídica. Aquí presentaremos tanto o número total de sociedades constituídas en cada provincia como a distribución entre sociedades anónimas, limitadas e o resto de sociedades.
2. Sociedades mercantís constituídas segundo CNAE e provincia (segundo á CNAE 2009).
3. Sociedades mercantís constituídas segundo a forma xurídica. Concellos
4. Distribución das sociedades mercantís constituídas segundo o número de socios fundadores e forma xurídica.
5. Distribución das sociedades mercantís segundo o sexo dos socios fundadores e forma xurídica. Aquí calculamos a porcentaxe delas nas que hai só homes, só mulleres ou maioría de homes ou mulleres.
6. Distribución dos socios fundadores segundo sexo e forma xurídica da sociedade mercantil. Novamente presentamos os datos e as porcentaxes.
7. Distribución dos socios fundadores segundo sexo e sector de actividade da sociedade mercantil. Agrupamos as 99 ramas presentes na CNAE 2009 nos seguintes sectores de actividade:
 - Agricultura
 - Industria e enerxía
 - Construción
 - Comercio e reparación
 - Hostalaría
 - Transporte e comunicacións
 - Banca e seguros
 - Actividades inmobiliarias
 - Servizos a empresas e outras actividades de servizos
8. Sociedades mercantís que amplían capital, segundo a provincia e forma xurídica da sociedade.
9. Sociedades mercantís que reducen capital, segundo a provincia e forma xurídica da sociedade.
10. Sociedades mercantís que desembolsan dividendos pasivos, segundo a provincia e forma xurídica da sociedade.
11. Sociedades mercantís disoltas por provincia.

12. Sociedades mercantís extinguidas por provincia.
13. Sociedades mercantís que realizan transformación de sociedade.
14. Sociedades mercantís con escisiones, fusionés e concurso de acredores.